

ferradura en tránsito

suliñados de “Antípodas” (Xosé Vázquez Pintor)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#),[CRÃ“NICA DA CRÃТИCA](#) — 6 Marzo 2015 @ 9:39 p.m.

Os fillos de ninguén de ningures teñen a matria sempre na memoria. Cando a patria se encrequena e tamboril afronte aos sucesivos agasallos, despois de se entregar en tempo e para sempre, xorden as crianzas para o rescate (11)

-Disme a túa hora, Plinio?

-Son as seis.

-Non mintas, son as sete e media. (16)

-Dásmo?

-Si

E xa durmía toda esa noite dun tirón. Xogabamos xuntos. E a mamá dicíame:”Non o manques, que é de papel”. (24)

Pasaron segundos, case un minuto coa súa man na miña, coma un colo, coma unha chalupa na luz da ardora; coma un corazón aquí, na intemperie, a se entregar.

-Estou contigo

-Aínda así?

-Aínda así (38)

Veño de canda a biblia e o Corán.. Son case fillo do deserto. Fun tecido á man de calcetar no frío das noites insomnes, coma un soño; nunca un pesadelo . (47)

-Plinio, ven.

E dábame un bico n aman, <para nunca pecar>

-E iso que é?

-É. (50)

-Levas hora?

-Non. Non gasto do tempo.

-Debe ser ainda cedo, non si?

-Nunca é tarde. (57)

-No quiero lastimar su encanto!

-Pero non cante, fálea! (71)

Sempre teño mentes do que non existe: aquela xente do meu tempo e caste; as aulas dromedarias no deserto das luces A vellice tirándose nun río a navegar coa lingua do seu tempo e alma e corazón e testemuño; aquela muller que me tirou un bico; Luneda da infancia; Luneda a nacer na plena rúa e os coches pasan e pitán, pitán e pasan e nai ladra e ladra e ladra... ata que a cadelña orfa fica e chama sen voz polos meus ollos de martirio.(76)

-Plinio, estás na invención dos tempos sen historia, meu neno (80)

Tentamos, ela comigo, soñar coas itemperies nas tantas táboas dos naufraxios, a refacer as travesías da noite que hai na vida (99)

-Nooon es to u bé be do

-Non, estás tatexo. (122)

Teño nas miñas obrigas, que sempre son baiuras de pouco alcance, escribir un diario. Palabra que se impón e sempre acabo por facer con ela unha brincadeira de croques e noces fonéticas, de seu estrafalariais.

-Di ario

-Ario

-Di Luneda

-... (124)

Teño compaixón de tantos outros que gorentan o delirio e asinarían morrer no acto de amor feroz que trae o insitinto nesta ruela dos mártires. (173)

.....
-Poeta, ven

Aquí non hai un verso que me chame nas deshoras. E dinme que non sei quen leva consigo unha metáfora. <Iso sábese con abrir a boca, saen de dentro> (200)

.....
(...) para os meus monólogos que son ardentía do silencio (219)